



**CONCELLO DE VIGO**

Expte.1775/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 5 de NOVEMBRO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e dez minutos horas do día cinco de novembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(891).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(892).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 5450/330.**

Visto o informe de fiscalización do 4/11/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 31/10/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal do Concello (5450-330)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal do Concello (5450-330)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 27 de agosto de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello..*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 22 de agosto de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 23 de agosto de 2024, redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (resolución delegación de 2 de agosto de 2024).*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1775/1102

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 227.691,50 € (188.174,79 € máis 39.516,71 € correspondentes ao IVE a soportar pola administración), con cargo á aplicación presupostaria 3331.227.99.07 "Xestión Auditorio Casa Concello" e as seguintes anualidades:

2024 (2 meses: novembro-decembro)	2025 (12 meses: xaneiro-decembro)	2026 (10 meses: xaneiro-outubro)
18.974,28 €	113.845,75 €	94.871,47 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 30 de setembro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal do Concello (5450-330) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	SOLIMUSIC EVENTS, SLU	100,00
2	FLUGE GALICIA, SL	63,34

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 25 de outubro de 2024, acordou o seguinte:

*"(....) En virtude do anterior, a Mesa de Contratación toma razón do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local e, excluído o primeiro clasificado, polos*

*motivos indicados máis arriba, en virtude da resolución de clasificación de data 30 de setembro de 2024, acorda, asemade, por unanimidade dos/as membros presentes outorgar un prazo de dez días hábiles ao licitador clasificado en segundo lugar, FLUGE GALICIA, SL, para que presente a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

*1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

*2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Cuarto.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, FLUGE GALICIA, SL, o día 25 de outubro de 2024, que presenta a documentación requirida o 28 de outubro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (79.692,03 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (79.692,03 €), presentan certificados de boa execución/declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención no prezo do contrato do importe da garantía (9.408,74 €).

Ademais desta documentación, figura no expediente:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da licitadora, o seu obxecto social e nomeamento do apoderado, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- O certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 31 de outubro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1775/1102

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar FLUGE GALICIA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FLUGE GALICIA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 25 e 27 de setembro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FLUGE GALICIA, SL o procedemento aberto para a contratación dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal do Concello (5450-330) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 227.691,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 39.516,71 euros.*
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 10,00 %.*
- c) Comprométese á realización dun curso de, polo menos, 10 horas en materia de Atención ao público para o persoal a adscribir ao contrato.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez